


Seminario Gratuito de Planificación Empresarial

W orkshop

Construcción e Avaliación de:

MODELOS de NEGOCIO



Imaxe do canvas do modelo 'Alexander Ortnerwalder' para a construción de modelo de negocio que se utilizará ao longo do workshop

Descrición

Os Seminarios de Planificación Empresarial están deseñados para axudar aos/as emprendedores/as que teñen unha idea ou proxecto empresarial e queren analizar se é ou non viable.

Para elo ofrecen sesións teóricas e prácticas, impartidas por recoñecidos profesionais do mundo da empresa e da formación, os cales axudarán ao/a emprendedor/a a coñecer os conceptos básicos precisos para enfocar o Plan de Negocio, deseñar o Proxecto de Empresa e contrastar a viabilidade do mesmo.

Persoal destinatario

Estudantes, traballadores e traballadoras en activo, desempregados e desempregadas e, en xeral, todas aquelas persoas que teñan unha idea ou proxecto empresarial que queiran analizar para asegurar a súa boa marcha. Para a adxudicación de prazas valorarase especialmente que o persoal interesado teña *vinculación con calquera das universidades galegas*.

Selección dos/das participantes

Número de prazas limitado a 35

Para a selección de inscritos/as nesta acción formativa valorarase:

1. En primeiro lugar, a **vinculación universitaria coa Universidade de Santiago, Coruña ou Vigo** do proxecto do que é titular o/a participante.
2. En segundo lugar se amosou interese en participar na **XIII edición do Concurso de Proxectos Empresariais Innovadores** da USC mediante a cumprimentación e envío da correspondente ficha de preinscrición (Máis información en <http://www.uniemprende.es/xiii-edici%C3%B3n-concurso-proxectos-empresariais-innovadores-da-usc>).
3. En terceiro lugar, a orde de inscrición en que quedara rexistrada a súa solicitude.

Duración, días de celebración e horario

15 horas de sesións formativas+ titorías individualizadas

Días de celebración

- Mércores **10 de abril**
- Venres **12 de abril**
- Mércores **17 de abril**
- Venres **19 de abril**
- Mércores **24 de abril**

Horario

Tódolos días sinalados de 10 a 13:30 horas

Ademais das datas sinaladas, haberá **dúas titorías persoalizadas** intercaladas entre as sesións fixadas, en fechas por determinar e comunicadas con anterioridade a súa celebración ao alumnado participante

Contidos/Programa

Sesión 1/5: Tes unha idea. Pódese converter nun modelo de negocio?

- Reposicionar o concepto 'idea' dentro do proceso de posta en marcha de iniciativas emprendedoras.
- O valor que ten a idea que está a traballar un equipo emprendedor.
- Procura de modelos de referencia da idea, mudar o foco de 'ter algo' por ter algo 'excelente'.

Sesión 2/5: Construindo o modelo de negocio.

- Introducción da metodoloxía de xeración de modelos de negocio: 'Business Model Generation' Osterwalder, Alexander; Pigneur, Yves; Smith, Allan; et. al. (2009).
- Construción da proposta de valor (VP), dos segmentos de clientes (CS), da relación co cliente (CR) e das canles de distribución e comunicación (DC).
- Construción das actividades clave (KA), dos asociados (KP) e dos recursos clave (KR).

Titoría 1/2: Revisión do modelo de negocio.

- Revisión e posta en común da proposta de valor (VP), dos segmentos de clientela (CS), da relación co/ca cliente/ta (CR) e das canles de distribución e comunicación (DC).
- Revisión e posta en común das actividades clave (KA), das e dos asociados (KP) e dos recursos clave (KR).
- Proposta de traballo para a tradución do modelo de cara a determinación da súa viabilidade económica e financeira.

Sesión 3/5: Avaliación económica e financeira do modelo de negocio.

- Construción da estrutura de custes (CR) e ingresos (RS).
- Primeira avaliación económica e financeira do proxecto borrador cero.

Titoría 2/2: Revisión do plan económico financeiro e presentación do proxecto.

- Revisión e posta en común da viabilidade económica e financeira do proxecto borrador cero.
- Claves na presentación do proxecto borrador cero.

Sesión 4/5: O emprendemento integral responsable.

- Emprendendo coa participación de todos/as
 - A igualdade na empresa. ¿Por qué? E ¿Para qué?
 - Mainstreaming: A transversalidade da perspectiva de xénero.
 - Instrumentos e medidas para a súa implementación.
 - Boas prácticas: referentes no campo da igualdade.
- Emprendemento responsable: Tomando conciencia do entorno e do noso papel no mesmo.
 - Concepto de empresa responsable. Principios e valores.
 - Memoria de sostenibilidade.
 - Indicadores.
 - Recomendacións e pautas a seguir.

Sesión 5/5: Vendendo o teu modelo de negocio.

- Presentación do borrador v1, como elemento que permita coñecer o interese que poida ter o proxecto na súa procura de apoios.
- Análise da presentación, para introducir elemento correctores que melloren a súa capacidade para captar a atención.
- Follas de ruta posibles para a implementación dos proxectos que se están a traballar.

Mais información e inscricións

Matrícula gratuita

Pasos para inscribirse

1. Descargar o seguinte [Formulario de inscripción](#)
2. Gardalo no teu PC
3. Complimentalo
4. Envialo a uniemprende@usc.es

Contacto:

Edificio Emprendia; Campus Vida-15782, Santiago de Compostela

Teléfono: 900 100 981

uniemprende@usc.es

www.uniemprende.es